

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A AGENCIA ESTATAL CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS, M.P. (CSIC) PARA INSTRUMENTAR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN POR PARTE DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN DESTINADA A COMPLEMENTAR AS AXUDAS AO PERSOAL INVESTIGADOR PRINCIPAL GAÑADOR DUNHA AXUDA DO PROGRAMA DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN (ERC)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación DECLARA:

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar co Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), a través da Misión Biolóxica de Galicia (MBG), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de setembro de 2029.

O instrumento convencional ten por obxecto establecer, dentro do Programa Oportunus, o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e o CSIC que permitira reforzar a actividade investigadora do persoal investigador que resultou beneficiario nas convocatorias de axudas CoG do Consello Europeo de Investigación (en diante ERC, do seu nome en inglés, European Research Council) dentro do programa europeo de I+D+i Horizonte Europa e obtivo financiamento.

O obxectivo é ofrecer a un organismo de investigación non universitario, a MBG do CSIC, que conta cun investigador beneficiario da CoG do ERC resolta, fondos destinados a apoiar a actividade investigadora do persoal investigador principal beneficiario co obxecto de que poida crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación. A axuda será para cada ano de vinculación coa MBG do CSIC.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

1. A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022,

define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, aliñándose cos tres retos e coas tres prioridades. Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 4, integrándose polo tanto no programa Persoas e talento da RIS3 e no programa Talento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

2. Os programas de financiamento xestionados polo ERC apoian ao mellor persoal investigador de calquera nacionalidade que desexe realizar investigación na fronteira do coñecemento en calquera entidade ou organismo de investigación dos 27 Estados Membros da Unión Europea ou os seus países asociados. A tal fin o ERC conta, entre outras, cos seguintes tipos de axudas:
 - ERC Starting Grants (StG): apoio ao persoal investigador, con entre dous e sete anos de experiencia tras finalizar o seu doutoramento, na creación do seu propio equipo de investigación independente.
 - ERC Consolidator Grants (CoG): apoio ao persoal investigador, con entre sete e doce anos de experiencia tras finalizar o seu doutoramento, que están a consolidar o seu propio equipo de investigación independente.
 - ERC Advanced Grants (AdG): apoio ao persoal investigador excelente con polo menos dez anos de experiencia e que lideren proxectos excelentes e altamente innovadores nos seus respectivos campos de investigación.
 - ERC Synergy Grant (SyG): apoio a equipos de entre dous e catro investigadores principais que presenten capacidades complementarias na resolución de grandes retos científicos, imposibles de abordar a través de proxectos de liderado individual.
3. A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación e a Secretaría Xeral de Universidades, está a desenvolver o Programa Oportunius. Este programa é unha oportunidade para xerar, reter, atraer e retornar talento

investigador de excelencia. O obxectivo do programa é poñer a disposición do persoal investigador un marco laboral e recursos para o correcto desenvolvemento da súa carreira investigadora.

O Programa Oportunius contempla tres liñas fundamentais de actuación:

- a) Atracción da excelencia: xeración, retención, atracción e retorno do persoal investigador excelente (gañadores dunha axuda do ERC) mediante:
 - a.1) A contratación por parte da Axencia Galega de Innovación do persoal investigador beneficiario dunha axuda do ERC.
 - a.2) A dotación de recursos complementarios aos beneficiarios de axudas dos programas do ERC para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.
- b) Apoio á excelencia: impulsando a actividade e o desenvolvemento daquel persoal investigador cunha traxectoria consolidada que supere a fase primeira no proceso de avaliación das axudas do programa do ERC e que non recibisen financiamento. Dotarase ao devandito persoal investigador con recursos económicos e asesoramento co fin de impulsar a súa actividade investigadora e potenciar a consecución de resultados de impacto para a participación en convocatorias futuras do ERC.
- c) Fomento da excelencia: estimulando a participación nos programas do ERC daquel persoal investigador que amosen un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora, co conseguinte efecto tractor de fondos europeos que podería supoñer para Galicia. Ofrecerase ás mesmas formación e asesoramento para a preparación de propostas ao ERC co obxectivo de incrementar as posibilidades de obtención dunha axuda desta natureza.

A Axencia Galega de Innovación e a Secretaría Xeral de Universidades en execución da actuación a): "Atracción da excelencia: xeración, retención, atracción e retorno do persoal investigador excelente (gañadores dunha axuda do ERC)", obxecto deste convenio, queren recoñecer a labor do persoal investigador que, cumprindo as condicións do programa, desenvolve a súa

actividade no ámbito do Sistema Universitario de Galicia e dos centros do CSIC en Galicia.

Neste sentido, e con carácter anual desde 2015, a Axencia Galega de Innovación, a consellería competente en materia de ciencia e innovación, as universidades do Sistema Universitario de Galicia e o CSIC están a asinar convenios para fomentar a actividade investigadora do persoal investigador beneficiario das convocatorias de axudas do ERC no marco dos Programas Horizon 2020 e Horizon Europe.

En execución da actuación do Programa Oportunius, antes citada, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Secretaría Xeral de Universidades, dende o ano 2012 ven apoiando ao persoal investigador do Sistema Universitario de Galicia beneficiario das axudas do ERC complementando o apoio recibido do Consello Europeo de Investigación para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.

Correspóndelle á Axencia Galega de Innovación instrumentar este mesmo apoio ao persoal investigador do CSIC.

4. O investigador da MBG do CSIC Carlos Pérez Carmona resultou gañador dunha axuda Consolidator Grant do ERC dentro do Programa Horizonte Europa.

As axudas CoG do ERC teñen unha duración de 5 anos. O investigador gañador da axuda do ERC incorporouse á MBG o 1 de setembro de 2025. O seu proxecto gañador finaliza o 31 de maio de 2029, polo que é necesario dotar financeiramente as anualidades do convenio.

5. Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que son as universidades do Sistema Universitario de Galicia e o CSIC as principais entidades de investigación da comunidade autónoma que contan con persoal investigador con subvencións vixentes do ERC e con persoal investigador beneficiario das citadas axudas.
6. Para as actividades obxecto do presente convenio, a Axencia Galega de Innovación, concede ao CSIC, a través da MBG unha axuda, tal e como se

indica na táboa seguinte, con cargo ás aplicacións orzamentarias dos orzamentos da Comunidade Autónoma e segundo as seguintes anualidades:

Aplicación orzamentaria	Código de Proxecto	Elixible	Anualidades				
			2025	2026	2027	2028	2029
07.A2.561A.703.0	2016.00014	Non	21.666,67 €	65.000,00 €	65.000,00 €	65.000,00 €	27.083,33 €
TOTAL			243.750,00 €				

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria xustificativa do convenio, na data da sinatura electrónica.

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Cotelo Queijo